

**CONTAXIA SOLIDARIEDADE
PARA ACABAR COA FAME**



Manos Unidas / Covadonga Suárez

**Caderno de actividades
para nenos e familias**

Día do Xaxún Voluntario
Venres, 12 de febreiro de 2021

Xornada Nacional de Manos Unidas
Domingo, 14 de febreiro de 2021

PISTAS NUMÉRICAS

Atopa as palabras escondidas.

Cada número representa unha letra do alfabeto.
Substituíndoos pola letra correspondente
poderás atopar as palabras escondidas. Moita sorte!

“A (1-18-7-1), a (16-1-18-4-5), o (1-10-8-11-5-12-17-13)
representan o (2-5-12) común. Todos debemos
poder (4-8-16-6-15-18-17-1-15) deles para ter
unha vida (6-5-10-8-20). Cada (14-5-15-16-13-1)
debe (1-14-13-15-17-1-15) o que poda para que
a ninguén lle (6-1-10-17-5) o necesario, para que
(12-8-12-7-18-5-12) se quede (1-17-15-1-16)”.



1 2 3 4 5 6 7 8 9 10 11 12 13 14 15 16 17 18 19 20
A B C D E F G I J L M N O P R S T U Y Z

- Despois de completar o texto coméntao coa túa familia e amigos.
- Estás de acordo? Non? ¿En que si? ¿En que non?
- Que é o necesario para vivir?
- E iso do ben común, que entendes ti?

COMPROMISOS

- ❖ Escoitar atentamente o que me ensinan sobre Xesús.
- ❖ Respetar e coidar a contorna onde vivo.
- ❖ Participar en actividades de lecer que me axuden a crecer como persoa.
- ❖ Aprender a gardar as quendas de palabra e a dialogar.
- ❖ Xogar con todos, non deixar a ninguén só.
- ❖ Dar a miña opinión e colaborar nas tarefas de grupo.
- ❖ Colaborar en tarefas comúns para que saian mellor.
- ❖ Ofrecer a miña axuda a quen a poida necesitar.



ORACIÓN DE CORESMA

21 de febreiro: 1^{er} Domingo de Coresma

Señor, antes de anunciar o Reino de Deus, fuches orar ao deserto. Así, aprendiches o que tiñas que facer na túa vida. Ensínanos nesta Coresma para orar. Que cada día fagamos un anaquiño de silencio e falemos contigo para que nos guíes coa túa Palabra e descubramos como ser mellores seguidores teus na construción do teu reino.



28 de febreiro: 2^o Domingo de Coresma

Moitas veces gustaríame relacionarme só coas persoas coas que me levo ben e coas que me queren. Pero ti dixéchesnos que hai que querer a todos e coidalos, especialmente aos máis necesitados. Axúdame a achegarme aos que están sos, aos que ninguén fai caso, aos que non me caen moi ben.




7 de marzo: 3^{er} Domingo de Coresma

Xesús, enfadácheste moito cos vendedores do templo porque non respectaban a casa do teu Pai. Que cando vaia á igrexa estea atento á túa Palabra. Ensíname, sobre todo, a respectar a todas as persoas, a querelas como ti quérelas e a coidar a natureza para encomiarche tamén nela.



SOPA DE LETRAS

Busca na sopa de letras las palabras da lista:
ceos, colaboración, egoísmo, xeneroso, inxustiza,
paga, propietario, reino, responsabilidade, traballo.



- ▲ Elixo dous ou tres palabras da sopa de letras que **che gusten**.
- ▲ Elixo dous ou tres palabras da sopa de letras que **non che gusten**.
- ▲ Comenta coa túa familia e amigos **por que** che gustan ou por que non.
- ▲ **Inventa e comparte** unha breve noticia coas palabras elixidas.

Beizón da mesa:

Grazas, Señor,
por estes alimentos
que imos comer.
Dánolos a terra e o
traballo de moitas persoas.
Preparáronos con moito
agarimo para gozalos.
Ensínanos a compartir
para que os bens
cheguen a todos e
ninguén pase fame.
Encomiámoste e
bendecímoste agora
e por sempre.



14 de marzo: 4º Domingo de Coresma

Creo, Señor, que Ti es a luz do mundo. Ensínasme a ser o teu amigo, a querer a todos, a ser xeneroso e a estar con quen o necesita. Dáme a túa luz para que me axude a ser mellor cada día. Que eu tamén saiba ofrecérllela, con sinxeleza de corazón, aos demais, para que che coñezan e poidan seguirche.




21 de marzo: 5º Domingo de Coresma

Señor, ao final da Coresma douche grazas polo teu amor e por dar a túa vida por todos. Ensináchesme que o importante é ser bo, compartir o meu tempo e as miñas cousas, agradecer todo o que teño, escoitar ao meu catequista, obedecer aos meus pais e profesores e querer a todas as persoas. Grazas.



28 de marzo: Domingo de Ramos

Xesús, o domingo de Ramos celebramos a túa entrada en Xerusalén. Quero unirme a todos os cristiáns e cantar o Aleluia. Encómioche, Señor, porque es bo, porque a túa tenrura e a túa misericordia acompañannos sempre. Que nunca deixe de cantar para darche grazas e lembrar a todos o teu amor.



HISTORIAS DE SOLIDARIEDADE

India: Dereito á ALIMENTACIÓN

Chámome **Denali**, significa “a muller que é grande”. Os meus pais puxéronme ese nome para que crecese forte e valente. Vivo na aldea de Barmer, ao norte de India. A miña aldea está nun deserto, por iso chove pouco e non hai moita agricultura. Con axuda de Mans Unidas e os Servizos Sociais da Igrexa, construímos tanques que acumulan a auga e montado a rega por goteo. As persoas maiores han recibido formación e capacitáronse para practicar unha agricultura e gandería sostibles.

Como conseguides vós os alimentos?



Javier Cuadrado

Mozambique: Dereito á PARTICIPACIÓN NO BEN COMÚN

O meu nome é **Adil**. Son de Mozambique, un precioso país de África. Esta terra é moi rica en gas, pedras preciosas e ouro; iso atraeu a quen os cobiza. Queren sacalos e as familias que vivimos aquí, desde tempos dos nosos antepasados, teríamos que saír, pero non temos onde ir. A Comisión Diocesana de Xustiza e Paz, que coñece o noso problema, pediu axuda a Mans Unidas para apoiar, xunto ás familias, na reclamación dos seus dereitos ante os tribunais de xustiza.

Colaboras con alguén que traballe polos demais?



Manos Unidas/Javier Fernández

Nicaragua: Dereit á AUGA E AO SANEAMENTO

Son **Marcos**. Nacín en Cidade Darío, no Corredor Seco de Nicaragua, Centro América. Aquí sufrimos grandes secas, iso provoca falta de auga limpa para lavarnos e beber; tampouco temos baños, así que hai moitas enfermidades que nos impiden ir á escola e aos nosos pais para traballar. Coa axuda da Asociación Roncalli-Xoán XXIII e de Mans Unidas instalamos fontes de auga limpa, sanitarios e canalizacións para a agricultura. Ademais, aprendemos a coidar a auga e a nosa contorna.

Pásache o mesmo que a min coa auga?



Manos Unidas/Javier Marmol